

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira (Lugo)

Teléf.: 982 330 102

Fax.:982 104 090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

### **ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A), DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE “PRIMEIRA FASE DO ABASTECIMENTO DE AUGA AOS LUGARES DE A LOUSEIRA E A COROTA (MEIRA)”.**

O día 1 de outubro de 2020, ás 17:00 horas na Casa do Concello de Meira, e de acordo co disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares e segundo resolución da alcaldía núm. 345/2020, de data 29 de setembro de 2020, réunese a mesa de contratación que está integrada por:

Presidente: Agustín Méndez Moirón (concelleiro deste concello)

Vogais: Jesús Bouza Fernández (arquitecto municipal)

Manuel Carramal Silva (funcionario de administración local)

Secretario: Pilar Rozas Alonso (funcionaria deste concello)

De acordo coa cláusula 13. Apertura de documentación e exame das proposicións, do Prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, e unha vez rematado o prazo para presentación de proposicións, réunese a mesa de contratación para proceder á apertura e cualificación da documentación do sobre “A” en sesión non pública, presentándose as seguintes ofertas:

-Construcciones Cartea,S.L., oferta presencial presentada o día 18-09-2020, con número de rexistro 1774.

-Construcciones Carballeira, S.L. oferta presencial presentada o día 18-09-2020, con número de rexistro de entrada 1775.

-Grupo Bascuas 2008, S.L., oferta presencial presentada o día 21-09-2020, con número de rexistro de entrada 1783.

-Obras y Saneamientos Galicia, S.L., oferta presentada no servizo de correos o día 21-09-2020, con número de rexistro de entrada 1790.

A Mesa de Contratación procede á apertura do sobre “A” segundo a orde de presentación das ofertas, presentando todas as propostas a documentación correcta (declaración responsable e documento onde consta a dirección de correo electrónico, fax, teléfono etc., onde remitir comunicacións de ser o caso).

Ao presentar todos os licitadores a documentación correcta, e de acordo co punto 13 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, pódese proceder á apertura do sobre “B”.

E para que así conste, asinan os integrantes do tribunal, no lugar e data sinalada anteriormente.

